



CABANILLAS NA ESCOLA

A asociación CANDEA planificou e desenvolveu unha serie de actividades para dar a coñecer a persoa e a obra de Ramón Cabanillas (exposicións, cursos, publicacións...) ao longo do curso 2008/09, e moi especialmente neste ano 2009 en que se celebra o 50 cabodano do poeta.

Nestas II XORNADAS presentamos o resumo dos traballos e xuntámonos para intercambiar experiencias e ideas coa intención de que o traballo feito sirva de exemplo de como se pode levar á escola un proxecto colectivo de colaboración e intercambio á vez que se profundiza no estudo e goce dos poemas dun autor que, despois de máis de cen anos, segue estando vixente na súa temática e no seu xeito de expresión.

Ramón Cabanillas, cos seus poemas, achéganos á realidade do seu tempo, aos problemas dos galegos e galegas (a emigración, a guerra, as diferenzas sociais, as inxustizas...), á historia, ás lendas, ao amor, aos persoaxes da época (Rosalía, Castelao, Asorey...), á arte, á natureza e ás xentes do campo, do mar ou das vilas. Ademáis preséntasenos como un firme defensor da lingua galega na que nos legou fermosos traballos en verso e prosa cun léxico rico e variado.

Constatamos que cos poemas de Cabanillas pódense traballar case todos os aspectos das áreas de ensino. Podemos traballar as competencias lingüísticas, o coñecementos e a interacción co mundo físico, a competencia dixital (facendo presentacións e montaxes audiovisuais), a competencia social, cultural e artística... e podemos atopar exemplos para calquera idade. Os textos de Cabanillas serven como elemento motivador, como punto de partida para traballar un tema transversal ou interdisciplinar, para facer traballos de investigación especializados (área de Língua e Literatura, Idiomas, Historia...) e, máis que nada, para despertar o goce pola lectura, en especial da poesía

TIPOS DE ACTIVIDADES

- Elaboración de biografías de Cabanillas.
- Escenificación e representacións teatrais
- Recitais poéticos
- Lecturas comentadas
- Ilustración de poemas: debuxo, pintura, collage, fotografía, fotomontaxe
- Montaxes plásticas (murais, cómics, carteis) a partir dun poema ou anaco.
- Montaxes audiovisuais sobre un ou varios poemas.
- Videos: vida, lugares, temas...
- Investigacións: historia, costumes, tradicións, lingua, personaxes...
- Poemas para o traballo plástico, fotografía ou audiovisual
- Estudo do léxico

ALGUNHAS PROPOSTAS DE TEMAS E OBRAS DE CABANILLAS	
TEMA	POEMA
O SALNÉS EN XERAL	<i>Diante dunha cunca de viño espadeiro</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Estoria do Bendito San Amaro</i> (O BENDITO SAN AMARO) <i>No castelo de Lobeira</i> (CAMIÑOS NO TEMPO) <i>O Casal de Caticovas</i> (CAMIÑOS NO TEMPO) <i>O Cruceiro do monte</i> (CAMIÑOS NO TEMPO) <i>Terras de Salnés.Sanxenxo.</i> (POESÍAS VENTUREIRAS) <i>Vendima en Salnés</i> (POESÍAS VENTUREIRAS) <i>Vendima</i> (OBRAS COMPLETAS, prosa)
CAMBADOS	<i>O que non morreu</i> (Balboa) (NO DESTERRO) <i>No Pinal</i> (NO DESTERRO) <i>No Casino</i> (NO DESTERRO) <i>Na taberna</i> (NO DESTERRO) <i>A sombra do pinal</i> (VENTO MAREIRO) <i>O sábado na escola</i> (VENTO MAREIRO) <i>O gaiteiro de Cambados</i> (VENTO MAREIRO) <i>A Calzada de Cambados</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Mal de Ollo</i> (Pinal do Rei) (DA TERRA ASOBALLADA) <i>As tardes na Pastora</i> (POESÍAS VENTUREIRAS) <i>A noite na Calzada</i> (POESÍAS VENTUREIRAS) <i>Salutatio ad patriam</i> (CAMIÑOS NO TEMPO)
VILANOVA DE AROUSA	<i>No castelo de Lobeira</i> (CAMIÑOS NO TEMPO) <i>O neto de don Xoán Manuel Montenegro</i> (PROSA-OBRAS COMPLETAS)
VILAGARCÍA DE AROUSA	<i>No castelo de Lobeira</i> (CAMIÑOS NO TEMPO)
MEIS	<i>O paxaro da Armenteira</i> (NO DESTERRO) <i>O Casal de Caticovas</i> (CAMIÑOS NO TEMPO)
SANXENXO	<i>Terras de Salnés.Sanxenxo.</i> (POESÍAS VENTUREIRAS) <i>Viaxe perdido</i> (A Lanzada) (DA TERRA ASOBALLADA)
GALICIA	<i>Galicia</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Acción gallega</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>¡Meu carriño!</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Miserere</i> (VENTO MAREIRO) <i>Terra</i> (VENTO MAREIRO) <i>En pé</i> (DA TERRA ASOBALLADA)
OUTROS LUGARES	<i>Mondariz</i> (POESÍAS VENTUREIRAS) <i>O río e as Nereidas</i> (SAMOS)

	<i>Terras de Dozón</i> (DA MIÑA ZANFONA) <i>Serán de domingo</i> (Madrid) (NO DESTERRO II)
O IDIOMA	<i>Cantigas populares</i> (ANTÍFONA DA CANTIGA) “ <i>A lingua é o noso escudo...</i> ” (Prosa) (ANTÍFONA DA CANTIGA)
A NATUREZA	<i>Chove</i> (NO DESTERRO) <i>No pinal</i> (NO DESTERRO) <i>A sombra do pinal</i> (VENTO MAREIRO) <i>Tarde baixa</i> (NO DESTERRO) <i>A luzada do día</i> (NO DESTERRO) <i>Mentras cai a neve</i> (VENTO MAREIRO) <i>A traxedia das follas</i> (VENTO MAREIRO) <i>O Casal de Caticovas</i> (CAMIÑOS NO TEMPO) <i>O galo negro</i> (VENTO MAREIRO) <i>Agoíña miragreira</i> (VENTO MAREIRO) <i>O carballo</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Fala unha laberca</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>O alciprés e a ermida</i> (Samos) <i>O río e as nereidas</i> (río Sarria) <i>O alciprés</i> (POEMAS SOLTOS) <i>Dous raposos</i> (VENTO MAREIRO) <i>Era un piniño novo</i> (A ROSA DE CEN FOLLAS) <i>Da traxedia de Pierrot</i> (VENTO MAREIRO) <i>Caía o sol bailando a ribeirana</i> (DA MIÑA ZANFONA) <i>Vida, pasión e gloria do trigo</i> (VERSOS DE ALLEAS TERRAS E DE TEMPOS IDOS) <i>Fada das Ágoas, do Mar, das Montañas, dos Campos, Raiña</i> (OFRENDA DAS FADAS NO PORTAL DE BELÉN) <i>Noite de lúa</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>A princesa roiba</i> (NO DESTERRO) <i>Alta noite</i> (NO DESTERRO) <i>Tempos e tempos</i> (NO DESTERRO) <i>Lúa chea</i> (NO DESTERRO) <i>O paxariño namorado</i> (VENTO MAREIRO) <i>Foliada</i> (DA TERRA ASOBALLADA)
O MAR	<i>A trainera</i> (VENTO MAREIRO) <i>Na ribeira</i> (NO DESTERRO) <i>Mariñeira</i> (VENTO MAREIRO) <i>Veiramar</i> (POESÍAS VENTUREIRAS) <i>O Mar</i> (DA MIÑA ZANFONA) <i>Fada do mar</i> (OFRENDA DAS FADAS NO PORTAL DE BELÉN)
A HISTORIA E AS LENDAS	<i>A NOITE ESTRELECIDA</i> <i>O MARISCAL</i> <i>Irlanda</i> (DA TERRA ASOBALLADA, 2º ed.) <i>O sábado na escola</i> (VENTO MAREIRO) PROSAS VARIAS
TRADICIÓNS SUPERSTICIÓNS	<i>Alta noite</i> (Santa Compañía) (NO DESTERRO) <i>O alciprés</i> (Santa Compañía) (POESÍAS VENTUREIRAS) <i>Tarde baixa</i> (trasno) (NO DESTERRO) <i>Ronda de San Xuan</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Mal de ollo</i> (DA TERRA ASOBALLADA)
SOCIEDADE	<i>Os escravos do fisco</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>A cadea</i> (NO DESTERRO) <i>No escuro</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>A fouce esquencida</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Lume no pazo</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>O galo negro</i> (VENTO MAREIRO)
EMIGRACIÓN	<i>Camión adiante</i> (NO DESTERRO) <i>Bágoas de nai</i> (VENTO MAREIRO) <i>O cantar do que se alexa</i> (DA TERRA ASOBALLADA)

	<i>¡Ventana d-ela, ventana!</i> (NO DESTERRO) <i>Mensaxe ós emigrantes</i> (PROSA)
A ARTE	<i>No museo</i> (NO DESTERRO) <i>Versos á presa</i> (A Asorey) (POEMAS SOLTOS) <i>A Calzada de Cambados</i> (Lloréns) (DA TERRA ASOBALLADA) <i>O gaiteiro de Cambados</i> (Zubiaurre) (VENTO MAREIRO) <i>A Francisco Asorey</i> (POEMAS SOLTOS) <i>A Francisco Lloréns</i> (POEMAS SOLTOS)
A VILA	<i>O sábado na escola</i> (VENTO MAREIRO) <i>Na taberna</i> (NO DESTERRO) <i>Chove</i> (NO DESTERRO) <i>No casino</i> (NO DESTERRO)
MUNDO RURAL O AGRO	<i>A luzada do día</i> (NO DESTERRO) <i>Tarde baixa</i> (NO DESTERRO) <i>Vida, pasión e gloria do trigo</i> (VERSOS DE ALLEAS TERRAS E DE TEMPOS IDOS) <i>Na casa vella</i> (VENTO MAREIRO) <i>A fouce esquencida</i> (VENTO MAREIRO) <i>Lume no pazo</i> (VENTO MAREIRO) <i>¡Meu carriño!</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Sono dourado</i> (VENTO MAREIRO) <i>Campana choca</i> (NO DESTERRO) <i>Fada dos campos</i> (OFRENDA DAS FADAS NO PORTAL DE BELÉN)
O VIÑO	<i>Diante dunha cunca de viño espadeiro</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Vendima en Salnés</i> (POESÍAS VENTUREIRAS)
OFICIOS	<i>O afiador</i> (DA MIÑA ZANFONA) <i>Muiñeira da Revolta</i> (POESÍAS VENTUREIRAS) <i>A tecedeira</i> (POEMAS SOLTOS)
PERSOAXES	<i>A Rosalía de Castro</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Himno a Rosalía</i> (POEMAS SOLTOS) <i>Ofrenda froreal a Rosalía</i> (POEMAS SOLTOS) <i>Sursum Corda</i> (O espírito de Pondal) (POEMAS SOLTOS) <i>A Otero Pedrayo</i> (POEMAS SOLTOS) <i>PROSAS: Eduardo Pondal, Sobre Vicente Risco, Sobre R. Villar Ponte, Curros Enríquez...</i> <i>Pondal</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Na morte de Castelao</i> (POEMAS SOLTOS) <i>Versos á presa</i> (A Asorey) (POEMAS SOLTOS) <i>A Francisco Asorey</i> (POEMAS SOLTOS) <i>A Francisco Lloréns</i> (POEMAS SOLTOS) <i>¡Curros!</i> (NO DESTERRO) <i>A Basilio Álvarez</i> (NO DESTERRO) <i>A Basilio Álvarez</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Lois Porteiro</i> (POEMAS SOLTOS) <i>Na morte de Lois Porteiro</i> (POEMAS SOLTOS) <i>Homenaxe a Porteiro</i> (POEMAS SOLTOS) <i>A Brañas</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>A Don Manoel Murguía</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>O neto de don Xoán Manuel Montenegro</i> (PROSA-OBRAS COMPLETAS)
A INFANCIA	<i>Amor de neno</i> (NO DESTERRO) <i>Tempos e tempos</i> (NO DESTERRO) <i>Xoquin</i> (POEMAS SOLTOS) <i>A cantiga das nenas</i> (NO DESTERRO) <i>Do berce á cova</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Estábase un señor gato</i> (OBRAS COMPLETAS, varias)
A MULLER	<i>Probiña do tola</i> (NO DESTERRO) <i>Sono dourado</i> (VENTO MAREIRO)

FILOSOFÍA	<i>Ciencia do adro</i> (NO DESTERRO) <i>A gran muralla</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Camión longo</i> (DA TERRA ASOBALLADA)
O AMOR	<i>A un namorado</i> (NO DESTERRO) <i>O doce fiel namorado</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>A ROSA DE CEN FOLLAS</i> <i>A roseira da saudade</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>Do berce á cova</i> (VENTO MAREIRO) <i>Rosiña rosa</i> (NO DESTERRO) <i>Foi nun vello xardín</i> (DA TERRA ASOBALLADA)
A RELIXIOSIDADE A IGREXA	<i>Campana choca</i> (NO DESTERRO) <i>Sono dourado</i> (VENTO MAREIRO) <i>O noso señor Santiago</i> (DA TERRA ASOBALLADA) <i>O BENDITO SAN AMARO</i>
TEATRO	<i>A MAN DE SANTIÑA</i> <i>O MARISCAL</i>
AUTOBIOGRAFÍA	<i>Carta a Ricardo Carballo Calero</i> (OBRA COMPLETA)

ANO CABANILLAS

PROXECTO DE TRABALLO. CABANILLAS NA ESCOLA

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES REALIZADAS

A xeito de mostra presentamos algunhas das actividades realizadas nos centros da comarca durante este ano Cabanillas

EDUCACIÓN INFANTIL

CRA MEIS


Interpretación e ilustración de poemas sobre a natureza (“Noite de lúa”, “O carballo”, “Vida, pasión e gloria do trigo”, “Vendima en Salnés”, “Da traxedia de Pierrot” e “Fala unha laverca”), “O paxaro de Armenteira e “Do berce á cova”



“O paxaro de Armenteira” (NÓ DESTERRO)

CEIP CORVILLÓN

Ilustración dun anaco do poema “Vendima en Salnés” (5 anos) e “Foliada” (3 anos)



TI ERES O VENTO
E EU SON A FOLLA:
NON SOPRES, VENTO VENTIÑO,
SI NON QUERES QUE ME MOVA!



TI ERES A NEVE
E EU SON O GROMO
NON CAIAS NA MIÑA PONLA
PORQUE SI ME BICAS MORRO





TI ERES O LUME
E EU SON A LEÑA
NON SOPRES, VENTO VENTIÑO,
SI NON QURES QUE ME ENCENDA



CEIP CASTRELO-CAMBADOS

Ilustración do poema “Era un piniño novo”

Era un piniño novo



Feito polos nenos e nenas de E.I. 5 anos

E.E.I.A PASTORA

Grupo B-5 anos, dirixidos/as pola mestra Rosa Falcón, traballaron no obradoiro de plástica os seguintes aspectos:
-Debuxo da **Casa de Ramón Cabanillas**. A casa do poeta foi o punto de partida do roteiro que percorreron. Coa fotocopia da casa en DIN A4 traballaron, especialmente, a ubicación espacial dos distintos elementos, as formas e a proporcionalidade.

-Seguindo o proxecto anual “a cara e as súas expresións”, traballaron o **rostro de Ramón Cabanillas de mozo e de vello**. Fixéronno a partir dos respectivos retratos fotocopiados en DIN A3. Empregaron o pincel para elementos amplos (elegindo as tonalidades a empregar) e o lapis para os finos.



-Grupo A (5 anos), dirixidos/as pola súa titora, M^o Dolores Oubiña, ilustraron a poesía “**Tardes na Pastora**”.

O proceso seguido ata chegar a ilustración foi o seguinte:

-Logo dunha lectura comprensiva feita pola mestra, separaron parágrafos con sentido e significado para descubrir a súa temática.

-Traballaron o vocabulario referido a cada un dos parágrafos: vocabulario específico de cada unha das temáticas.

-Finalmente, por parellas, decidiron como ilustrar cada un dos parágrafos traballados.

AS TARDES NA PASTORA

Do vran nas tardes longas, coa merenda
nun cestiño de bimbias,
de vagar, paso a paso, baixo a sombra
do roxo parasol de miña tía,
rubía á fresca, umbriza carballeira
que coroa un outeiro a par da vila,
onde se ergue, feituca como un ovo,
da Virxe da Pastora a branca ermida.
Follas que beilan, ágoas que rexouban,
fiunchos que en recendos se desfían,
sendeiros de antre millos e parrales,
ventiño latexante de cantigas,
valos vellos, silveiras con amorias,
auriolos e merlos que asubían,
edras de ouro nas pedras seculares
de altares en ruínas,
columnas en derrumbo, arcos ó aire
e maltreitas oxivas
do noso saudoso camposanto
un día eirexa nai: ¡Santa Mariña!
(...)

Co seu caxato, o dengue e o chapeo,
rodeada dun fato de ovelliñas,
o Meniño no colo, ollos e beixos
floreceidos na luz dunha surrisa,
a santa Imaxe está labrada en lumes
da gracia terreal e da diviña.



...

A espadaina da ermida, recolleita,
ten o xeito dun niño no que chila
cun fiño de són tintineante
como un carrizo novo a campaiña.
No teito a tellaván, encaleado,
bambea pendurado dunha viga
un navío votivo de tres palos
risóns e cordas e cañóns na tilla,
velas ó vento, mascarón na popa,
que fixo a ruta das lonxanas Indias,
oferta dos salvados dun naufraxio
nor hirtos farallóns, boca da ría.
(...)

A pouco, ían chegando outros rapaces,
-sobriños doutras tías-

que a brincos e estalantes gargalladas
a carballeira en calma ensordecían
eran os capitáns das trananadas
de aquela idade cándida e bendita,
compañeiros da escola do Convento
co sei Fleury, os palotes e a cartilla,
compadres no mallarse na ribeira
a coller caramuxos e buxinas.
e de ir ós niños, esgazando a roupa
nos estripas, nos valos, e nas silvas.
A par deles, ó cheiro da merenda,
chegaban o arriscado Setetripas,
o Chepa, o Raña, o Chasco, o Rillachavos,
o Sambesuga... a fror da pillería!

“POESÍAS VENTUREIRAS”



Grupo de 5 anos: representación da obra **“A Ofrenda das fadas no Portal de Belén”**.

As súas titoras Marina Tourís e Dolores Oubiña adaptaron o texto, deseñaron as vestimentas, musicaron a obra e dirixiron a representación e posta en escea da mesma.

Logo, á volta de vacacións de Nadal, fixeron un debuxo das fadas que máis lle gustaron.

Grupo de 4 anos fixeron a súa interpretación literaria a partir da poesía **“O rei tiña unha filla”**, Coordinados/as e dirixidos/as polas súas titotas Amelia Ares e M^a José Casalderrey expresaron a poesía creando estes contos:



O rei tiña unha filla
que morría de amor
e por vela curada,
sin máis declaración.
o amor queiras non queiras
do reino desterroou.

O amor moi xuicioso
obedecendo a lei,
camiño do desterro
foise co que era seu:
cos bicos e coas rosas
je coa filla do rei!

Ramón Cabanillas
(A ROSA DE CEN FOLLAS)



UNHA PRINCESA NAMORADA

HABÍA UNHA VEZ UN REI RUSO CHAMADO MARCO, QUE VIVÍA NUN CASTELO.

A SÚA FILLA MARÍA ESTABA NAMORADA DO CARPINTEIRO DO REINO, QUE SE CHAMABA XOÁN.

MARIA ESCAPOU DO CASTELO CON XOÁN PARA IR A UNHA FESTA, E O SEU PAI CASTIGOUNA.

O REI DESTERROU A XOÁN PENSANDO QUE ERA UN HOME MALO E QUE NON QUERÍA Á SÚA FILLA.

XOÁN FOI Ó CASTELO A BUSCAR A MARÍA E MARCHARON A ESPAÑA.

ALÍ TIVERON MOITOS FILLOS.
COLORÍN, COLORETE, ESTE CONTO MERECE UN FOGUETE.

(4 ANOS A)

HABÍA UNHA VEZ UN REI QUE VIVÍA NUN CASTELO EN CAMBADOS. CO REI VIVÍA A RAÍÑA E A SÚA FILLA A PRINCESA BICO-FLOR.

NESE POBO DE CAMBADOS HABÍA UN MOZO QUE SE CHAMABA ROSAURO, ERA O QUE COIDABA DOS CABALOS QUE TIÑA O REI.

A PRINCESA BICO-FLOR NAMOROUSE LOCAMENTE DE ROSAURO. O REI, COMO NON QUERÍA QUE A SÚA FILLA, A PRINCESA BICO-FLOR, CASARA CON ROSAURO, DESTERROUNOS A PORTONOVO.

ALÍ, EN PORTONOVO, A PRINCESA BICO-FLOR E ROSAURO CASARON E FORON MOI FELICES.

E COLORÍN, COLORETE, ESTE CONTO MERECE UN FOGUETE.

(4 ANOS B)

C.E. ESPECIAL VILAGARCÍA

Traballo a partir do poema "Xoquín", no que Cabanillas fala dun neno diminuído físico, que posiblemente fose adicada ao seu fillo Pío Antonio.

-Representación dun retrato de Pío a partir da observación dunha foto antiga.

Ilustración do poema

-Representación do poema con pictogramas.



XOQUÍN

Xoquín, inda pequeno,
cos seus ollos de neno
veu craramente o mundo e máis a vida.

E colléu seu camiño

-o do seu corazón e o seu destino-
sin medo a dente, frecha nin ferida.

Xoquín puxo seu gusto en camiñar
e onde o levan os pes vai a cabeza
mais seia besta ou home o que tropeza,


Como un varal de fento,
un milleiro de follas velaíñas
ten o seu pensamento.
E como non dá rido,
cando ceiba as folliñas
a xente dí: "Xoquín non ten sentido."
Porque todo o que mira o mira
arrente,
non se dá conta a xente
de que Xoquín ten ollos milagreiros:
os dos santos, os tolos e os poetas
que de todo o que brila fan luceiros
e de todo o que voa volvoretas.

Nunca dos homes ó vivir noxento
ten de tornar Xoquín,
xa que a súa vereda non ten fin
e está empedrada polo Esquecemento.

Tal como é, é ditoso. Nada o mágoa
e nin sabe de envexas, nin de dores.
Todas as erbas, para él, son frores,
pelras de luz todas as pingas de ágoa,
e todos os paxaros, reiseñores.

Dín que é parvo Xoquín...
¡Parvos son os que o din!

POEMAS SOLTOS



CEIP COIRÓN-DENA (MEAÑO)

3º CICLO DE PRIMARIA:

- Conto coa vida de Cabanillas que se lle pode narrar aos nenos e nenas máis pequenos para saber algo sobre como viviu e o que fixo este grande autor.
- Investigación sobre a vila de Cambados e a casa na que naceu e viviu Ramón Cabanillas nesta vila.
- Caricaturas sobre unha imaxe de Cabanillas.
- Análise do poema ¡En pé! e comentarios diversos sobre o mesmo.
- Creación, entre todo o grupo, dun xogo no que hai que enlazar os títulos de diferentes obras do autor coa portada do libro ao que se corresponden e co xénero literario ao que pertencen.
- Mural ilustrando o poema "Fada do Mar"

Unha vez, hai 50 anos, unhas nubes percorrían o Salnés. Cando chegaban a un pobo, ían casa por casa ensombrecendo co seu manto. De súpeto parouse en Cambados, entre as nubes amosou unha boina xigante chea de libros, algúns comezaron a soltarse: ... "Vento mareiro", ... "da terra asobaiada" ...
... Toda a xente estaba abraida, menos a panda "quintoá", estos nenos e nenas eran uns amigos que vivían en Meaño e estudaban no colexio de Dena. Foran a pasar o día a Cambados. Ao ver aqueles libros preguntáronse que podía ser...


... Empezaron a indagar por todo Cambados ata chegar a Casa-Museo, alí dixéronlles que pertencía a Ramón Cabanillas, un escritor moi famoso. Escribía moita poesía e quería que todo o munda a coñecera. Cada vez que escribía un libro, lanzábaos ata as nubes e estas encargábanse de repartilos polas casas.

... De súpeto, o 9 de novembro de 1959, a boina fíxose moi grande. E as nubes escurécense

¿Qué estaba a acontecer?. ¿Qué fenómeno era ese?..... Pronto se soubo

... Era a boina de Ramón Cabanillas, o escritor da Raza falecía ese mesmo día, e quería deixar a súa obra repartida por todo o seu pobo.

Todos os nenos de Meaño, avisados pola panda "quintoá", acudiron a Cambados a lle facer unha homenaxe a este escritor cambadés.



O poema ¡En pé! Visto polos nenos e nenas do CEIP Coirón Dena

¡EN PÉ!

(A Lois Porteiro)

¡Irmáns! En pé, sereos,
a limpa fronte erguida,
da luz que cai de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga,
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira da Galicia,

¡cantémo-lo dereito
a libre, nova vida!

Validos de treidores
a noite da Frouseira
a patria escravizaron
uns reises de Castela.
Comestas polo tempo,
xa afloxan as cadeas...
¡irmáns asoballados
de xentes estranxeiras,
ergámo-la bandeira azul e branca!
¡E ó pé da enseña da nazón galega

cantémo-lo dereito
a libertar a Terra!

¡Irmáns no amor á Suevia
de lexendaria historia,
¡en pé! ¡en pé!, dispostos
a non morrer sin loita!
¡O día do Medulio
con sangue quente e roxa
mercámo-lo dereito
a libre, honrada chouza!

¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!
A oliva nunha man, a fouce noutra,

berremos alto e forte:
"¡A nosa Terra é nosa!"

ANÁLISE

Trátase dun poema de Ramón Cabanillas, representante patriótico das Irmandades da Fala, no que reconece as cores azul e branca da bandeira galega é adicado a Lois Porteiro, primeiro licenciado de Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.

Utiliza a bandeira coma símbolo de unión dos galegos para construír un pobo libre, cunha nova idea: ¡A nosa terra é nosa!

Estas dúas cores evocan a concentración patriótica, a construción dun país sobre un símbolo, o dereito a unha nova Galicia.

O obxectivo final é a constitución dunha Galicia con símbolos propios (pero os camiños e modos concretos de creación son distintos, obxectivo reflexado na vida cultural de Galicia)

Coma frases representativas extraídas do poema destacan:

¡VIVAMOS COMO GALEGOS!

¡O POBO GALEGO É NOSO!

¡ESTA PATRIA É A NOSA!

**¡GALICIA QUERIDA, LIBERADE
AO NOSO POBO!**


CEIP CORVILLÓN

6º de Primaria:

-Traballo sobre o poema “**A sombra do pinal**” ilustrado con debuxos do alumnado e fotos feitas polos pais e nais. Complétase cunha versión libre e actual do poema.



¡Que dozura no arume bravío
ten a branda resina que cai
das abertas feridas das ponlas
en adoas de limpo cristal.
“A sombra do Pinal”
(VENTO MAREIRO)



Imaxe de Tragove en 1910

¡Pinal de Tragove!
¡Fungador, imponente pinal
que te ergues altivo,
rei da soedá,
ó fronte o misterio calado do ceo,
ós pés o misterio bruante do mar!



Imaxe de Tragove en 2009

Eucaliptal de Tragove!
imponente eucaliptal,
que te ergues altivo,
onde antes era pinal.
Acompañado de industrias,
depuradoras marisqueiras;
produto do “desenrolo actual”

-Traballo sobre o poema “**No pinal**”. Escenificación e ilustración das distintas escenas que van aparecendo. Na posta en escena hai tamen unha presentación en power point de fondo do escenario que vai acompañando a representación. Tamén se ilustrou o memo poema con distintos debuxos a modo de viñetas.

Ramón Cabanillas no Pinal de Tragove

(Ramón Cabanillas, vestido de traxe escuro e sombreiro negro de ala, leva unha carpeta con folios debaixo do brazo dereito. Sae ao escenario estirando os brazos). (Presentación en power point Cabanillas pensando e escribindo o poema)

R. C.- Non sei como madruguei tanto hoxe, se é domingo e non vou traballar o de sempre, que me trae pola rúa da amargura.

Boeno... xa que estou aquí de pé e preparado vou a dar unha volta. O tempo está moi bo e préstase para dar un paseo máis longo e tomar un pouco o sol. Irei por Corvillón, o muíño da Seca, pasarei unhas horas no Pinal de Tragove e logo tomarei uns albariños nas tabernas do meu adorado Cambados, cos meus amigos.

(Camiña polo escenario, observando o que o rodea e logo chega ao pinal e senta nun con preto dos pinos.)

R.C.-Qué felicidade! Que dozura! Quitarei estes papeis e escribirei o que sinto aquí, pintarei con palabras este cheiro, este son, esta paisaxe...

(Escoitase o ruído do mar e logo o eco brando dunha frauta. Aparece un neno co gando...)

Neno.-Vou tocar unha peza porque coa música as vacas comen mellor e se é galega xa non che conto...

R.C.-¡Eh, neno! Estou aquí, non me vés? Son Ramón Cabanillas o poeta de Cambados. Que melodía máis bonita tocas! Quen che ensinou a tocar tan ben? **Neno.**- Ninguén. Meu pai regaloume a frauta e....

R.C.- Aprendiches ti só?

Neno.- Sí, cada momento que teño libre, toco a frauta. Logo, serei gaiteiro. E a ti, quen che ensinou a escribir poemas?

R.C.- Ninguén, sáeme de dentro, do meu corazón. Tento sempre pintar a realidade con palabras, as veces con palabras fermosas de loubanza das belezas que nos rodean e outras veces con palabras fortes de denuncia das inxustizas que nos acontecen.

Neno.- Entendo... Bueno marcho co meu gando. Linda, Marela!...imos para casa.

R.C.- E eu ao meu, que é escribir....

(Marcha o neno tocando...) (Son de vento mareiro e Cabanillas escribindo os versos "Xeme o vento mareiro...")

(Entra no escenario unha avoa e a súa neta collendo garabullos polo pinar...)

Avoa.- Ai, ai miña nena! Como me doen os cadrís de tanto andar dobrada!

Neta.- Avoa o inverno é moi longo, temos que xuntar moitos garabullos e ademais hoxe está bo día e a leña está moi seca.

Avoa.-Nena, quen é aquel home tan ben presentado? Está escribindo e mira moito para nós...

Neta.- Non o sei.

Pero..., ímoslle preguntar?

Avoa.- Non, non que me da vergoña. E ademais está moi centrado no seu traballo. Non o imos molestar.

(Sae ao escenario correndo unha lebre e detrás un can correndo facendo un círculo)

Avoa.- Mira neniña unha lebre e o can detrás. Como corren!

Neta.- Ai, avoa e... saltando aquel valo ven un cazador (persinándose) Ai deus nos vaia, a probe da lebre non ten escapatoria!

Cazador.- Señora, señora, viu pasar por aquí unha lebre?

Avoa.- Si, si "Aí vai, aí vai...!! Polo camiño...!!

(Saen do escenario e Ramón Cabanillas levántase e dirixíndose ao publico despídese)

R.C.- Xa rematei o meu poema pero antes de me ir para o "men Cambados probe fidalgo e soñador"... vouvos recitar coas miñas propias palabras o poema que fixen hoxe aquí no pinal:

*Cheira a resina, fiúncho e marusía
e escóitase lonxano o eco brando
da flauta en que o rapaz, a par do gando,
repenica unha aldeana melodía.
Xeme o vento mareiro unha elexía
entre os pinos que fungan mormullando
e unha avoa, coa netiña, vai xuntando
ponlas secas, ó pé da serventía.
Pasa, a brincos, a lebre, e detrás dela
vai ladrando, xadeante unha cadela,
-un lóstrego tras outro, en remuíño.-
Salta o valo un señor con carabina
e namentras a nena se persina
berra a velliña: "¡Aí vai...! ¡Polo camiño...!"*

FIN



CEIP SANTOMÉ CAMBADOS

-Mural colectivo sobre o poema “O sábado na escola” con participación de todo o alumnado. Pintaron individualmente as diferentes figuras (nenos, bolboretas, paxaros...) e fíxose unha montaxe conxunta por parte do maiores.

-Traballo sobre as sagas “**A noite estrelecida**”. A partir do proxecto de Biblioteca sobre a Idade Media fíxose unha investigación sobre os costumes, formas de vestir, edificios, decoración, a vida do Rei Artur e os seus cabaleiros, a lenda do Grial... e tomando como referencia debuxos medievais e vidreiras deseñáronse murais con transparencias sobre os distintos temas que aparecen reflexados nos poemas de Cabanillas. Finalmente fíxose unha montaxe coa selección de poemas e debuxos.

...

Mediou a noite sagra da festa do Nadal
e fulxe baixo a neve a vella catedral.
Polos longos vidrales e os outros rosetóns,
co brados pregadores de salmos e oracións,
a luz saíndo a feixes, en fíos e lampadas,
aloumiña a imaxes no tímpano labradas,
esténdese nos lenzos de paredes espidas,
doira entallas e follas nas colunas froridas...



...

E chegándose á pedra, de ánimo esforzado
botólle man á espada e cinguéuna ó costado.
O penedo, a tal intre, foi por medio fendido,
deixando aberto e franco un camiño frorido
que corría unha terra verdecente e mimosa
na que os pinos erguían a súa voz maxestosa,

....

E Galahaz trunfante e cheo de ledicia
entrou camiño adiante en terras de Galicia.

...

Galahaz, o Esperado, esgrevio mensaxeiro,
en volta a Caledonia partira do Cebreiro,
e en camiñatas longas por desertas comarcas,
atravesando as ágoas en misteriosas barcas,
a alma como un raio de sol do mediodía,
unha cruz por escudo, un luceiro por guía,
de Camelot ás portas do castelo é chegado
onde ten o invencible Rei Artur seu estrado.



CEIP CASTRELO-CAMBADOS

-5º de Primaria: mural con fotos de alumnado e os seus pais e nais a partir do poema “**Diante dunha cunca de viño espadeiro**”. Investigación e recollida de datos sobre o cultivo da vide e a elaboración do viño.

-2º de Primaria: mural con fotos feitas cos seus pais e nais a partir do poema “**Vendima en Salnés**”.

-“**Cencia do adro**”: Poema musicado polo profesor Vicente Muñoz e interpretado polo alumnado de 3º ciclo de primaria.

Cencia do adro

Música: Vicente Muñoz
Texto: Ramón Cabanillas

The musical score is written for a choir and a percussion ensemble. The choir parts include Soprano (Soprano), Alto (Alto), Tenor (Tenor), and Bass (Baixo). The percussion parts include Triángulo (Triangle), Claves (Claves), Guiro (Guero), and Pandeiro (Pandeiro). The score is in 12/8 time and features a key signature of one flat (B-flat). The lyrics are in Galician. The score is divided into two systems. The first system covers the first four lines of the score, and the second system covers the remaining lines. The score ends with a 'FIN' marking.

Voz
Semen - tar en lei - raa - lle - a, pa - gar sen - do con - vi - da - do, com - prar a ri - coe - naal - da - a, ven - der

Frauta

M. Soprano

X. Alto

M. Baixo

Triángulo

Claves

Guero

Pandeiro

Voz
a pro - bee fi - a - do... non é pra ter ca - sa che - a.

F.

X. A.

M. S.

M. B.

Trgl.

Clv.

Gro.

Pndr.

2. Muller que adoura á veciña,
rapaza que dorme fora,
pedra limpa da cociña
e meniño que non chora...
non che me dan boa espíña.

3. Palique de taberneira
e bágoas de bebedor,
amores de costureira
e xastre traballador...
sonche contiños de feira.

4. Crego que che queira mal,
alcalde no teu outeiro,
escribano de portal
e lume no palleiro...
salvarás si Dios che val.

5. Apostar e que se ten,
firmar o que non escribo,
donar sin saber a quen
e dar cartos sin recibo...
penso que non me convén

6. Estremeiro pleiteador,
néboas agoentas do río,
boi, o vaca, escorneador,
e xente de señorío...
canto máis lonxe mellor.

7. Si téas muller parideira
e pagas rendas a frades,
si entra o raposo na eira
e dás de xantar a abades...
non che envexo a capoeira.

CEIP ROSALÍA DE CASTRO-O GROVE

5º de Primaria: traballo sobre o poema "A Mariñeira" nas clases de lingua galega: biografía de Cabanillas, vocabulario, normativización do poema, transformación en cómic e logo nun conto (todo traballado en equipos). Entre todos os contos fíxose unha escolla que deu como resultado o elixido para este libro.

-5º e 6º de Primaria: mural sobre o poema "A Mariñeira"

-6º de Primaria: elaboración do cómic "Na Riveira", tomando como base a poesía de Cabanillas. Cada alumno debuxou once viñetas, cada unha cun dos versos da poesía, como texto. De todos os cómics seleccionaron as viñetas máis conseguidas, compoñendo con elas un traballo final.



NA RIBEIRA



Galvetas brancas como vellas telas



AO REDOR DA PULIDA REGATEIRA QUE ESCABECHA SARDINAS NA RIBEIRA

IVE NAN!



COA CAMISA DE FORA E OS CIRÓLOS RACHADAS



En KANAKO BIRUÑE



PARDOLES SOTOS NA PANEIRA




E BAIXO AS ARBORES, O ABRIGO DO NORDESTE



Pasean discutindo a Canalexas



Que NON XUIZ



O arcepestre



O XUIZ

ROSALÍA DE CASTRO O GROVE

6º B

CEIP A.MAGARIÑOS-CAMBADOS

PROXECTO DIDÁCTICO: “CAMBADOS TEN O SEU POETA, RAMÓN CABANILLAS”

-“**CABANILLAS Á PORTA**”: Colocación dun A4, cada quincena, cunha poesía ou estrofas do autor cambadés, que se pendura na porta de cada unha das aulas, da biblioteca, da aula de usos múltiples e nos despachos, ao longo de todo o curso 2008-2009. Cada titor decide as actividades a realizar.

-“**CABANILLAS DA MOITO QUE PINTAR**”: Creacións plásticas inspiradas nos poemas da actividade “Cabanillas á porta”. Realización da actividade: todo o alumnado do Centro.



“O galo negro” (Javi, 6º B)



“Da medianoite ao día” (Pedro, 6º B)

-“**DO POEMA Á FOTO**”: Consiste en que nais, pais ou outros familiares do alumnado, saquen fotos a partir dun poema que lle enviamos. Poden inspirarse nun lugar ou lugares (de Cambados da zona do noso Centro) que aparezan citados no devandito poema, ou nunha palabra ou idea que lles suxira o poema.

-“**IMITAMOS A CABANILLAS**”: Creacións poéticas inspiradas nas celebracións: magosto, entroido, samaín, día do libro, día da paz, os maios, Día das Letras Galegas. Realización da actividade

Samaín, Samaín,
como che gusta meter medo,
galopín.

Samaín, Samaín,
eu quero unha cabaza
só pra min.

Samaín, Samaín,
quedei de ir á festa,
son as seis da tarde
e aínda non saín.

Samaín, Samaín,
non sabes o que vin,
un disfrazado de pantasma
achegándose a min
¡ Ai, miña nai !,
¡ que medo pasín !



ANA - 2º B

-**CHARLAS**:

-“O traballo no mar” - Ángel “Chatarra” (ex-mariñeiro).

-“A dimensión humana de Ramón Cabanillas” - Luís Rei Nuñez (biógrafo do autor).

-“Os libros que escribiu Cabanillas” - Emílio Xosé Ínsua (escritor e profesor).

-RUEIRO DE CAMBADOS (3º de primaria) . Traballo feito a partir de fichas e recorrido polo rueiro. Clasificación temática, barrios, microtopónimos e topónimos.

CEP A. MAGARIÑOS		"CAMBADOS TEN O SEU POETA, R. CABANILLAS"		2008/09
Nº: _____		O RUEIRO-CAMBADOS		
NOME ALUMNA/O: <u>MARINA VIDAL PIÑEIRO</u>		NIVEL: <u>6º</u>		
NOME-RÚA: <u>RÚA DE MONTECAIRO</u>				
HOMENAXE A: <u>O PAZO DE MONTECAIRO</u>				
ENLAZA CON: <u>RÚA NARCISO PÉREZ, RÚA DA ALMEIDA VELLA</u>				
DESTACA POR: <u>O PAZO DE MONTECAIRO, BARRIO, DE SIGLO XVIII.</u>				
<u>É UN PODEROSO FARO USADO COMO MIRADOR SOBRE A RÍA ACTUALMENTE É UN ÓSILLO.</u>				
TOPÓNIMOS-MICROTOPÓNIMOS:				


-ROTEIRO DE PEDRA (2º ciclo de primaria): Creacións plásticas inspiradas nos poemas de Cabanillas dos espazos cambadeses.

LUME NO PAZO
Préndeu lume no pazo
A roxa llamarada
alumea a campía

Lara (4º B)



-OS ARTISTAS e CABANILLAS (1º ciclo de primaria): Creacións plásticas inspiradas nalgúns obras artísticas sobre Cabanillas.



Cebreiro



Rodrigo (2º A)

- **"AÍ VAI UN CONTO"**: Creacións literarias (poemas, contos, adiviñas, ...) inspiradas na obra, na biografía, ou en calquera aspecto do poeta R.Cabanillas. Poden participar nais, pais, familiares, alumnado, ex-alumnos/as, mestres, escritores, ... Prazo de entrega: do 1 de marzo ao 30 de maio -2009. Exposición nos corredores do Centro: "AÍ VAI UN CONTO", do 1 marzo ao 15 de xuño-2009. Cada día faise a lectura, nas aulas, dunha das colaboración recibidas. Ao longo de marzo recibimos unhas 22 colaboracións. Dende Cambados, Pontevedra, Dublín, Londres...

- **"CORES PARA CABANILLAS"**: Creacións plásticas inspiradas en calquera aspecto de R. Cabanillas. Exposición no Centro Comarcal Exposalnés: "CORES PARA CABANILLAS", do 15 ao 30 de XUÑO do 2009 con 31 artistas convidados.

C.E.I.P. ENRIQUE BARREIRO-VILARIÑO (CAMBADOS)

-LÉXICO NA OBRA DE CABANILLAS: O VOCABULARIO DO COTIÁ

Desenvolvido polo alumnado da antiga EXB (6º, 7º e 8º) dentro dun proxecto máis amplo de estudo do léxico: **microtoponimia da parroquia, busca de palabras en perigo de extinción...**

PROCESO:

- 1º) Repartir entre o alumnado a obra de Ramón Cabanillas de tal xeito que puidera subliñar aquelas palabras que descoñecían e que se presumía que era de uso frecuente na fala.
- 2º) Posteriormente o profesorado expurgaba o léxico anotado polo alumnado ata que se fixaba un corpus de vocabulario sobre o que se ía traballar.
- 3º) Pasábanse a fichas as palabras seleccionadas, a frase na que estaba inxerida a palabra, a páxina e a obra literaria á que pertencía.
- 4º) Buscábase o significado da mesma, aceptando ou desbotando a mesma en función da pretensión do traballo.
- 5º) Contrastar con outras fontes posibles (cuestionarios aos máis vellos, outros autores de Cambados ou da bisbarra ...) para poder precisar, na medida do posible, se o termo empregado polo autor era unha variante dialectal da zona ou pertencía ao acervo cultural do escritor.

Fixéronse 387 fichas, cada unha coa súa respectiva entrada, na que se especifica a obra literaria, páxina da mesma e parágrafo no que o termo vai inxerido.

-A NOITE DE CABANILLAS

Foi unha idea que xurdiu a partir da elección do tema central que traballamos este ano no colexio, “A noite” e a proposta de participación na exposición de Candea.

Fíxose unha primeira revisión dalgúns poemas que nos poderían interesar e logo revisáronse moi por enriba as obras completas, parándonos onde nomeaba algunha destas tres palabras que nos interesaban: noite, lúa e estrelas. Así obtivemos o documento “Propostas sobre a noite. Cabanillas e a Noite” que foi entregado a todo o profesorado coa intención de que cada un na súa clase tirase por onde quixera tendo ese documento como idea base.

Poemas propostos: “Chove”, “Tarde baixa”, “Alta noite”, “O can de lobo”, “Noite de Lúa”, “A luzada do día”, “Dous raposos”, “Amanecida”, “Caía o sol bailando a ribeirana”, “Do abrente ó serán”, “Da medianoite ó día”

O resultado foron catro paneis para exposición: un do primeiro ciclo, un do segundo e dous do terceiro (un de 5º e outro de 6º).

-MURAL DO 1º CICLO de Educación Primaria.
Traballan o poema “Chove” publicado en *No desterro*, 1913.




MURAL 2º CICLO. Para facelo escollemos oito poemas (*Chove, Tarde baixa, Alta noite, O can de lobo, Noite de lúa, A luzada do día, Caía o sol... e Dous raposos*) que fomos lendo e explicando nas clases. Seleccionamos algúns versos de cada poema e con todos os versos xuntos compuxemos en collage o que nos pensabamos que Ramón Cabanillas podía ver dende a súa ventá nunha noite calquera.

Nun comezo a intención era de acompañar cada debuxo cos versos que o inspiraron pero quedábanos un panel demasiado cargado.


Para facer o collage pedímoslles aos nenos que ilustraran o poema “Noite de lúa” e logo que fixeran illadamente outros personaxes e obxectos como as mulleres, o galo, o raposo... Rompemos os debuxos en cachiños para ir compoñendo pouco a pouco o noso mural.

versos/estrofas escollidos:

- ... a voz rouca
d-un can de palleiro que oubea. (*Chove*)
- Paseniño,
por un ruleiro da veiga,
antre dous tallóns de millo,
cáseque a rastro, o raposo
ven andando de escudriño... (*Dous raposos*)
- Asoméime á solana
e entrou en min, a chorros, a paisaxe;
o ceo, o monte, o mato, o río, a fonte... (*Caía o sol bailando a ribeirana*)
- Sona o crarín do galo, que vixía
O primeiro craror, na capoeira,... (*A luzada do día*)
- ... vidros de espello no río...
Todal-as herbíñas
Locen
Unha pintoga de
Orballo, en todal-as frores
brílan
coroas de craridá. (*Noite de lúa*)
- Sol de outono no mar calmo
Fungue o lume;
Alá, lonxe, chirra un carro no camiño;...
As rapazas van con medo cara á fonte... (*Tarde baixa*)



-MURAL 3º CICLO (5º de Educación Primaria). Traballan nun debuxo mural o poema *Tarde Baixa*. Escolleuno a mestra porque lle parecía apropiado para estas idades e porque describe un pouco a paisaxe cambadesa que todos os nenos e nenas están afeitos a ver. Foron ilustrando individualmente versos do poema logo de lectura colectiva. Unha vez feitos todos os traballos compuxeron unha paisaxe e volveron a debuxar, esta vez pensando nas unións para que a simple vista parecese que é unha soa imaxe.




-MURAL 3º CICLO (6º de Educación Primaria).
Ao igual que o primeiro ciclo, traballaron o poema “Chove”.
Para realizar o mural dividiron a clase en catro grupos ao igual que o poema.
Cada grupo foi o encargado de ilustrar unha desas partes aínda que previamente fixeron debuxos individualmente.



-Ilustración de poemas: Retablo das Fadas no Portal de Belén”, “Can de lobo” cunha ficha sobre o animal para traballar en Coñecemento do Medio, e coplas populares.





3º de Primaria



3º de Primaria

“Si quieres que brile a lú
pecha os ollos meu amor
que mentras os tes abertos
a lú coida que hai sol”

-OBRADOIRO DE ESCRITURA: 5º e 6º de Primaria



CEIP NANTES-SANXENXO

-Ilustración do poema "**Ofrenda das Fadas no Portal de Belén**": 3º de Primaria (traballo feito na aula de apoio)

-O MUÍÑO

-Traballo interdisciplinar sobre a ruta dos muíños de Lores e o poema "**Muiñeira da Revolta**":

- *Visita aos muíños: observación dos muíños (partes, funcionamento), a flora e a fauna, as fontes, os cultivos...

- *Traballo de investigación sobre os diferentes temas observados.

- *Elaboración de textos: O Muíño, parte, funcionamento, explicación da ruta, O que se pode facer e o que non se pode facer...





Na ruta dos muíños de Lores, hai oito. Os muíños chámanse: "O Muíño da Ponte", "O Muíño da Igrexa", "Muíño de Daniel o Ferreiro", "Muíño de Entremuíños", "O Muíño de Quintáns", "Muíño de Marcial de Barbeito", "Muíño de Couso (canle)", e "Muíño de Couso (cubo)". Nesta ruta tamén hai un muíño en ruínas.

Os muíños mais importantes, bonitos e interesantes son: o "Muíño de Daniel o Ferreiro", que o converteron nun furancho, e, o "Muíño de Entremuíños", que aínda está en funcionamento e por iso visítao moita xente.

A vexetación na ruta dos muíños está formada por árbores como, por exemplo, a amieira, o carballo, o loureiro, o bidueiro... Tamén hai plantas como: estralotes, chantaxe maior e menor, a silva, o fento macho, a fenta, o trevo branco...

Logo tamén ten fauna. Existen moitos tipos de animais, pero na ruta están: a pavona común, a lavandeira branca, o rabirrubio común, a andoriña común, a lavandeira cinsenta, o ferreiriño real, a carriza, a ra verde, a ra patilonga, o lagarto de auga, o cosco común (caracol), o gaiteiro aliazul e a troita común.



C.E.I.P. A ESCARDIA VILAGARCÍA DE AROUSA

-ILUSTRACIÓN EN VIÑETAS DO POEMA “Camiño longo”

-MURAL a partir do estudo da vida de Cabanillas e do poema “Camiño longo” ilustrado cos escudos dos diferentes lugares onde viviu o poeta (6º de Primaria).

-MURAL E MONTAXE EN POWER POINT a partir do poema “O cantar do que se alexa” (6º de Primaria).

-ILUSTRACIÓN DO POEMA “O afiadador” (5º de Primaria). A partir das imaxes e dos textos fixéronse varias montaxes en Power Point con animacións, con pezas fixas e móbiles, para distintos niveis.

-Investigación sobre a vida de Ramón Cabanillas (6º de Primaria).

-Lectura, comentario e ilustración de poemas (todos os niveis).

-**VERSOS ROUBADOS:** a partir de versos soltos escollidos ao chou pola profesora os rapaces e rapazas reorganizan e completan ata facer un poema.



HIMNO DE ACCIÓN GALLEGA

¡Irmáns! ¡Irmáns galegos!

¡Desde Ortegal ó Miño

a folla do fouciño

fagamos rebrillar!

Que vexa a vila podre,

coveira da canalla,

a aldea que traballa

disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,

irmáns, irmáns galegos!

que corra o sangue a regos

desde a montaña ó mar.

¡Ergámonos sen medo!

¡Que o lume da toxeira

envolva na fogueira

o pazo señorial!

Xa o fato de caciques

ladróns e herexes fuxe

ó redentor empuxe


da alma rexional!

Antes de ser escravos,

irmáns, irmáns galegos!

que corra o sangue a regos

desde a montaña ó val.



“Déixame vivir nos montes”

Déixame vivir nos montes,
que os meus amores morreron,
aló no corrunchiño máis fermoso
vexo contigo este ceos.

Déixame vivir nos montes,
que morreu tamén a esperanza.
Por ti noite e día
soño marabillas brancas.

-**OBRADOIRO DE POESÍA:** actividades variadas para traballar a poesía de diversos autores, en especial Ramón Cabanillas.

Xúntanse exemplos de fichas de traballo

1º, 2º e 3º CICLO

Act: Poñer título a un poema

.....

¡Ou traineira branca,
lixeira coma o vento,

que ves nas horas tristes
a encher o meu pensamento

con doce lembranza
da terra en que nacín!

¡A túa imaxe no meu peito
renova vellas mágoas

e escáldame as meixelas
coas esquecidas vagaos

que, no adiós derradeiro,
ao meu fogar vertín!

1º, 2º CICLO

ACT: COMPLETAR POEMAS INCOMPLETOS

Este poema está incompleto. Busca as palabras que poden rimar

VEN ANDURIÑA
DE AZA LIXEIRA,
OLLOS LOCENTES
PEITUGA.....

MAIS BEN LLE APRACEN
BICAS.....
VIÑO.....
QUEIXO.....

ABRIDE, ABRIDE Á ANDURIÑA
ABRIDE A PORTA.....
OS QUE CANTAN NON SON VELLO
OS QUE CANTAN SON

EDUCACIÓN SECUNDARIA

I.E.S. BARRO

-ELABORACIÓN DUN CALENDARIO: a partir dunha selección de textos pídeselle ao alumnado que fagan fotos para ilustralos. Despois móntase un panel para cada mes completándoo con retratos e caricaturas do poeta.





NOVEMBRO

2009ano Cabanillas

1	m	m	x	v	s	d
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

Irene Mosteiro Verónica
Curro



¡Galicia! Nai e Señora,
sempre garimosa e for
preto e lonxe; onte, ago
mañá... na vida e na m

caixanova

DECEMBRO

2009ano Cabanillas

1	m	m	x	v	s	d
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Gloria e lecer da casa, unha lareira
en que arderan enteiros os carballos,
arodeada de afumados tallos,
con forno cheo e forte gramalleira.



Yolanda Novás Fontán
Lareira. Constenla


caixanova

-Montaxe con POEMAS RELACIONADOS COAS ROSAS.
 Buscar poemas onde Cabanillas fala das rosas e facer unha montaxe cos poemas manuscritos e debuxos.
 Completalo con caligramas.


-CABANILLAS CRENTE: buscar poemas relacionados coa relixiosidade de Cabanillas e compor con eles un mural. Completalo con caligramas.

[illegible]

- ANÁLISE E COMENTARIO DE POEMAS e posterior investigación de temas relacionados.



--Buscar información sobre a vida e a obra de Ramón Cabanillas e compoñer un **PASATEMPO LITERARIO**.



-Mural **“DE CABANILLAS PRA OS SEUS AMIGOS**: recoller poemas adicados a diferentes persoaxe e facer retratos dos memos para logo elaborar unha composición con todo.



I.E.S. VILALONGA

-**POEMA “EN PÉ”**. Ler e comentar o poema e buscar ilustracións da época para compoñer un mural.

-**“TERRAS DE SALNÉS (SANXENXO)”**. A partir da lectura do poema elaborar un guión cos lugares que e actividade ás que fai referencia. Buscar fotos antigas e facer fotos actuais para ilustralo.

TERRAS DE SALNÉS (Sanxenxo)

Pinales de Arra e de Adina,
os do bravío arrecendo,
doirados do sol da tarde
e mollados de salseiros,
sabidores dos balbordos
do de Atlante mar inqueda.

Bordóns, das veigas mimosas
e dos parrales costeiros
onde os asios do albariño
mostran a cor do ouro vello
como nos agros latinos
do faustiniano Falerno;

Silgar, da area de prata
e das sireas rueiro,
onde entre rendas de escumas
e naces de lúa acesos
surdéu, pulida e ridente,
a Venus do mito heleno.

Padriñán encastelado,
Portonovo en mar aberto
en que bogan ras das ondas,
ó dondo ir e vir do vento,
voces de vellas cantigas
nadas ao chaschás dos remos.

....

Terras do val do Salnés.
Terra sagra de Sanxenxo
onde pol-a vez primeira,
trementes cara ó misterio,
viron porse o sol nas ágoas
os varudos abós céltigos...!

...

Santa Rosalía, a anterga,
a da eirexa no areeiro
como niño de gaivota
no buraco dun rochedo,
te benzoe e te aloumiñe
mar e terra de Sanxenxo!



CPI JULIA BECERRA MALVAR. BARRANTES (RIBADUMIA)

TRABALLANDO CON RAMÓN CABANILLAS. Natividad Diéguez Pardo

ACTIVIDADES RELACIONADAS COA VENDIMA E O AGRARISMO

Ramón Cabanillas é un dos escritores máis importantes da nosa historia e literatura e, deste xeito, non podía ser doutra maneira, este autor forma parte do currículo de 4º de ESO da materia de Lingua galega e literatura. As seguintes tarefas teñen sempre como punto de partida textos, tanto narrativos como poéticos, de Ramón Cabanillas.

1- Vendimando...

Le o texto e busca o significado das palabras que están subliñadas e explica a relación que hai entre elas.

Pretendemos que se decaten de que forman parte do proceso tradicional da vendima e así que adquiran ese léxico no seu vocabulario.

Vendima

Bela e saudosa estampa nos días mornos e farturentos de outono, do tempo rigor das vendimas nos vales e nas caleiras do Lérez e do Umia, os ríos irmáns, mansos e bucólicos como dúas ovellas bíblicas.

Chove a luz dourada do solpor e o cruceiro abre a cara ao ceo nos brazos de pedra, impregnantes de bendicións sobre xentes e veigas e casais.

O carro chiador, montando laxes e afondando a terra lamacentas, vai a tombos polas vellas rodeiras, en procura do lugar, do lugar sempre sedento de sangue vivo de espalleres ben trezados, de cepas tortas e xorobadas, de parras deitadas ao sol. Dous rapaciños de roupa rachada por amizade con estirpos e silveiras, rubindo amodiño á traseira do carro furtaron a tinalla acugulada dous acios mouros que se debullaban maduros.

Vendima de Ramón Cabanillas

2-O agrarismo en Cabanillas: Lume no Pazo

Dámosche un poema que leva por título “Lume no pazo”, leo atentamente e logo responde:

LUME NO PAZO

*Prende o lume no pazo.
A roxa labarada
alumea a campía.
Atronan as campanas
o val.*

*Quentan o aire
espesas bafaradas
de fume.*

*Ó arde-lo cume, as tellas
enroxecen e estalan.
Caíen, cruxindo, as vigas
e o lume ás catro bandas
envolve a torre.*

*Corre a xente,
berrando, atolondrada.
para ver onde é a disgracia
Muxen
de medo os bois nas coadras.
A xente rube ao adro
ollando cara ó lume,
rise, barulla e fala
e, ó mirar cara o pazo,
detense amontoada.
Érguense as mans ó ceo
e sanguíñenta, tráxica,
refléxase nos ollos
a roxa labarada.*

*E un velliño, moi vello,
de guedelliñas brancas,
que vive de milagre,
xantando cando xanta,
vestido de farrapos
e durmindo onde cadra,
-todo por mor dun preito
de rendas atrasadas,
no que os donos do pazo
deixáronno sen nada,-
de ir buscar-lo gaiteiro
para que toque a gaita!*

-Que nos conta o poema? Que é o que está en chamas?

-Que cres que simboliza o pazo? Relaciónao con algún feito que traballaches na liña cronolóxica.

-No texto aparece un personaxe, cal é? Como se sente ao ver o pazo ardendo? Poderías relacionar a este personaxe co que respondiches na pregunta anterior?

-Lembra as desviacións da norma da unidade anterior e tira exemplos do texto para ver que tipo de lingua utilizaba Cabanillas.

3- Diante dunha cunca de viño espadeiro

Le o seguinte poema e responde ás preguntas.

Diante dunha cunca de viño espadeiro

*¡O espadeiro! ¡Asios mouros, cepas tortas,
follas verdes, douradas e bermellas,
gala nas terras vivas de Castrelo,
nos Casteles de Ouviaña e nas areas
de Tragove e Sisán, do mar de Arousa
e o Umia cristaíño nas ribeiras!*

*¡O espadeiro amante! ¡O viño doce!
¡A alegría de mallas e espadelas,
compañeiro das bolas de pan quente
e as castañas asadas na lareira!*

*¡O espadeiro! ¡O risolio que loubaron
en namorantes páxinas sinxelas
os antigos abades do mosteiro
de Xan Daval, na vila cambadesa,
aqueles priores leigos e fidalgos,
mestres na vida, na virtú e na
ciencia,
que sabían -jou tempos esquecidos!-
canta-la misa, escorrenta-las
meigas,
acoller e amparar orfos e pobres,
rir coas rapazas, consella-las vellas,
darlles leito e xantar ós peregrinos,
pechar por fuero as portas da súa igrexa
á xusticia do Rei, cobra-los desmos
e dispoñer vendimas e trasegas!*

*¡O espadeiro morno! ¡O roxo viño,
sangue do corazón da nosa terra,
que arrecende a mazás e a rosas bravas,
quence os peitos e as almas alumea,
e sabe a bicos de mociña nova,
aldeana e trigueira!*

*¡Como canta ó caír nas brancas cuncas
desde as pintadas e bicudas xerras!
¡Como latexa e brilla ó corralas!
¡E como loce e ri cando as adreza,
asemellando fíos de rubises,
cun rosario de escumas sanguinentas!*



*Cando nas mornas tardes de romaxe
vai na alombada pipa taberneira
ó soute que se estende ó pé da ermida
onde as campanas repinican ledas;
Onde axordan os fogos de tres tronos
e ó son da gaita a moceda tolea,
é a alma do galán verba maina;
de labradora e viril maxeza,
que o mesmo se derrete coas rapazas
que arma sin máis nin máis unha quimeria;
solta un "¡Ei, carballeira!" erquendo a moca
e facéndose atrás, e... ¡adiola festa!
Cando o xeadado inverno alonga as noites
e en santa paz, ó pé do lar, se axeitan
mozos o vellos, desbullando o millo,
dándolle ó fuso ou restelando teas,
o espadeiro é o espírito do petrucio
de garimosa fala churrusqueira,
de mans de prata e lombo acorcobado,
queixo tembrón e neve nas guedellas,
que chiscando os ollos contra os mozos,
pondo ás rapazas cores nas meixelas,
sabe contar os divertidos feitos
e as antigas historias que comencan:
"Unha vez, unha nena e mais un frade..."
"Tiña, naquel entón, un paxe a reina..."*

*¡Espadeiro! ¡Espadeiro! ¡Ledo viño
das noites mozas! Claridá de estrelas...
O aturuxo zoando nas quebradas...
Mozos... Pandeiros... Un amor que empeza...
Arumes das carqueixas e do trebo...
De man en man, a bota carreteira...
Unha cantiga ó pé dunha ventana...
¡Detrás dos vidros, Ela!
¡Ou, espadeiro amante! ¡Ou, roxo e quente
sangue do corazón da nosa terra!
¡Encende os corazóns dos apoucados!
¡Prende lume nas almas, viño celta!!*

- Le o poema e sinala se a lingua que utiliza o autor é culta ou popular. Tira exemplos do texto.
- Subliña o léxico referido á vendima. Por que cres que Cabanillas escribiu un poema coma este?
- Fíxate nos topónimos que aparecen no texto, por que os escollería? Busca información sobre a bibliografía de Cabanillas e logo cóntalla aos teus compañeiros.
- A que se debe que haxa tantas exclamacións no texto? Que sensación transmite?
- ILUSTRACIÓN DE POEMAS: "Vendima en Salnés", "Viaxe perdido": ler e comentar os poemas e facer debuxos para ilustralos.
- AS UVAS E OS VIÑOS DO SALNÉS: traballo de investigación a partir das variedades de uvas e viños citados na obra de Cabanillas. Selección de poemas, descrición de uvas e viños e búsqueda de imaxes para ilustralos.

I.E.S. FARO DAS LÚAS

-Traballos na área de Lingua e Literatura Galegas tomando como eixo o monte Lobeira a partir do poema de Cabanillas "**No castelo de Lobeira**".

* Realización dun traballo relacionado con Ramón Cabanillas e o monte Lobeira.

Presentaron varios traballos feitos en formato informático con fotos e/ou debuxos (3º de ESO)

Un recordo inesquecible

O meu nome é Marta e hoxe vou pasar a fin de semana coa miña curmá Ánxela. Ela é de Vilanova de Arousa e eu son de Cambados, de onde era meu bisavó.

Miña curmá díxome que ao chegar imos ir á casa do noso avó Xosé que vive en András. Á miña curmá e mais a min gústanos moito estar con el porque nos conta moitas historias moi bonitas, aínda que ás veces aproveitando que somos pequenas dinos algunha mentira.

Son as cinco da tarde e xa cheguei á casa da miña curmá; agora a miña tía vainos levar á casa do avó.

Chegamos á casa do avó e, como de costume, estaba sentado no seu tallo ao carón da lareira, asando os chourizos para a merenda.

O avó empézanos a contar unha historia sobre o castelo de Lobeira:

Cando eu era pequeno o meu pai díxome que el nacera en Cambados de onde era tamén o famoso escritor Ramón Cabanillas, que era o seu veciño. Un día de moita choiva meu pai foi xogar á casa de Cabanillas, pero como chovía moito non puideron saír a xogar; así que tiveron que permanecer na casa e o pai do futuro escritor contoulles esta lenda que vos vou contar eu.

O castelo de Lobeira situábase no monte do mesmo nome nun enclave natural que proporciona un fermoso miradoiro cara á ría de Arousa que ao parecer, ou iso me dixo voso bisavó, ten antecedentes nun castro antigo da zona. A fortaleza de Lobeira viuse reforzada por mor de defender a ría dos continuos asedios de viquingos e musulmáns. Debido a este carácter defensivo, tras estar baixo rendistas eclesiásticos, o castelo foi doado a destacamentos militares para mellor protección da cidade de Compostela. Co tempo, o castelo converteuse nunha fortaleza de grande importancia onde se forxaron capítulos salientables da historia do Reino de Galicia, quedándolle xa para a historia o nome de Castelo de Lobeira...

Anaco do traballo realizado por Pili Tomás Cores e Fátima Martínez Varela

*Realización de carteis sobre o poema de Ramón Cabanillas "No castelo de Lobeira", trátase de deseños que o alumnado de 4º presentou voluntariamente para representar ao noso centro na exposición itinerante sobre Cabanillas. Foron realizados en cartulinas ou en programas de ordenador.




O corazón das princesas
vive pechado n-un arca
que se abre con chave d-ouro
en mans alleas gardada!



I.E.S. A BASELLA VILANOVA

AS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS NA OBRA DE CABANILLAS

- Selección de poemas de Cabanillas que traten sobre embarcacións tradicionais: “Veiramar”, “A trainera”, “Mariñeira”, “A Calzada de Cambados”, “Terras de Salnés”.
- Investigación sobre as características, nomes e historia das embarcacións: dornas, traíñas, gamelas.
- Realización de debuxos e textos.
- Busca de refráns populares relacionados co tema.
- Montaxe dos murais.



IES A. COTARELO VALLEDOR. VILAXOÁN-VILAGARCÍA

Probiña da tola

I.E.S.FRANCISCO ASOREY-CAMBADOS

EXPOSICIÓN PERMANENTE sobre Ramón Cabanillas:

- Vitrina con orixinais de libros, tarxetas, cartas, recortes de prensa, busto cedido polo escultor Leiro, mascarilla funeraria...
- Portadas de libros montadas sobre un soporte ríxido.
- Poemas: cada semana colócase un mural cun poema de Cabanillas ilustrado con -debuxos ou fotos.



MATERIA DE BRETAÑA (4º ESO)

- Lectura e comentario das sagas “Da noite estrelecida”.
- Investigación sobre as lendas artúricas e, en xeral a chamada “Materia de Bretaña”
- Recollida de imaxes e textos
- Montaxe dun mural coa técnica da fotomontaxe.



Esta exposición foi posible grazas ao traballo dos centros de ensino:

ELABORACIÓN DUNHA FOTOBIOGRAFÍA DE CABANILLAS

A cargo da profesora Maribel Iglesias coa colaboración dun grupo de alumnas de Bacharelato.

ELABORACIÓN DUNHA MONOGRAFÍA SOBRE O ANO CABANILLAS PARA A REVISTA DO CENTRO:

- Recollida de información sobre as actividades do ano.
- Entrevistas.
- Biografía de Cabanillas.
- Reseñas de traballos.

Entrevista dun alumno de 4º de ESO

ENTREVISTA A MARIBEL

Ramón- A que se debeu a creación deste libro?

Maribel- Non sei se recordades o libro que fixemos sobre a historia de Cambados con profesores deste instituto, na cal por suposto saía moito Cabanillas e quedeime con ganas de querer saber máis e así o fixen.

R- Foi doada a recolección de tantos e tan diversos documentos?

M- Foi moi traballosa, durou máis ou menos un ano e medio; tiven que moverme por moitos sitios, aínda que Adela (mestra de Naturais neste instituto) axudou moito coas fotos e algo tamén a rede de museos do concello de Cambados; e logo como non a familia de Cabanillas, sobre todo a súa neta Pitusa Vidal.

Tamén me despracei á RAG da Coruña, o museo de Pontevedra e a fundación _____ de Vigo.

R- Cal foi a dificultade de ordenar de xeito cronolóxico todo o anterior?

M- Non houbo problema, o que si me custou foi identificar as persoas das fotos, o que fixen foi recorrer á prensa e tamén preguntarlle á xente.

R- Como foi a experiencia de traballar co alumnado?

M- Ben. Sobre todo foi na parte inicial, xa que eran alumnas de 2º de Bacharelato e non dou tempo a rematalo nun curso xa que se foron e tiven que rematalo eu soa. A experiencia moi ben, xa traballara con algunhas no libro de Cambados que dixen antes. Sobre todo fixemos moitas saídas por Cambados e o que máis lle gustou quizais foi a visita á neta de Cabanillas, a súa casa...

R- E agora para variar un pouco van unhas preguntas cun aire máis literario... Cal foi o sentimento máximo de ter rematado o teu libro?

M- Bueno, Cabanillas é un poeta que me gusta moito, e grazas a isto conseguín entender mellor a súa poesía, como expresaba, como sentía e iso gustoume moito.

R- Como experiencia, gustoulle, aínda que fose por uns momentos, formar parte en certo modo da vida de Ramón Cabanillas?

M. Si, moito. (Como se ve, sobran as palabras).

R- E xa para rematar non podía faltar esta pregunta. Que é para ti Ramón Cabanillas Enríquez?

M- Un grandísimo poeta, a nivel universal, cunha calidade inmensa. De feito ten un libro con versións de poemas de poetas universais como por exemplo poden ser Marcial, un poeta latino ou Safo unha poetisa grega. E o que me sorprende e que non desmerecen. Aparte Cabanillas tiña unha personalidade moi humana, era moi sinxelo e tivo unha vida moi dura, moi difícil e xusta de cartos, xa que a literatura non daba para vivir ben. E Ramón Cabanillas non tiña nada crido o de ser poeta.

Ramón Nogueira

ESTUDAR A HISTORIA A TRAVÉS DOS POEMAS DE CABANILLAS

Actividade desenvolvida na materia de Historia nos cursos de 4º da ESO e 2º de Bacharelato. Seleccionáronse unha serie de poemas de Cabanillas (dos seus tres primeiros libros) nos que había referencias históricas. O traballo consistiu en analizar os poemas e comentalos, acompañándoos de imaxes.

A NATUREZA NOS POEMAS DE CABANILLAS:

Tomando como punto de partida os poemas de Cabanillas fanse distintos traballos na área de Ciencias Naturais (1º de ESO):

- Presentacións em Power Point a partir dun poema: “Agoiña miragreira”, “Son os días de Outono”, “Orenda das Fadas no Portal de Belén”, poemas para as estacións do ano, as aves...
- Calendario de Cabanillas: cada mes faise un traballo de análise dun poema xunto coa recollida de información sobre a natureza, o tempo, os costumes, noticias... Xúntase exemplo de ficha.



SETEMBRO

Salnés antergo e saudoso, terra sagra e petrual
farta de séculos, chea de amor e dolor de nai.

Unha ermida cada castro, cada valgada un pinal,
cada camiño un cruceiro, cada recuncho un fogar.

Erbeiros e milleirales e viñas na terra chá;
o sol ó cair nas ágoas deixou o ceo a sangrar.

O Umia, canso, deitouse nas xunqueiras de Sisán;
o pai Castrove, na extrema, pon os ollos alén mar.

...

Terra de Salnés. Outono. A caída do serán.
Os carros na corredoira, chirra que te chirrarás.

Ramón Cabanillas VENDIMA EN SALNÉS, “Poesías Ventureiras”

VOCABULARIO RELACIONADO COA NATUREZA Seleccionar as palabras do texto e explicar o seu significado	TEMPO: ANIMAIS: PLANTAS: PAISAXE: OUTRAS:	
COMENTARIO	FOTO OU DEBUXO	
COMO ESTÁ A NATUREZA ESTE MES: busca información: Tempo: Plantas: Animais: Traballos: COSTUMES E TRADICIÓNS, REFRÁNS, ADIVIÑAS... NOTICIAS		

IES RAMÓN CABANILLAS. CAMBADOS

A ROSA DE CEN FOLLAS

- Lectura, recitado e análise dunha selección de poemas deste libro de Cabanillas e posterior creación de poemas amorosos polo alumnado.
- Montaxe dun mural cos poemas e ilustrado con debuxos.

Lectura recitada de “A MAN DE SANTIÑA”.

Representación da “OFRENDA DAS FADAS NO PORTAL DE BELÉN”

A AVIFAUNA NA OBRA DE CABANILLAS

A idea xurdíu a partir da representación por parte do alumnado da “Ofrenda das fadas no Portal de Belén”. As alumnas e alumnos poideron comprobar a importancia que a natureza ten na obra de Cabanillas. Singularmente chamoulles a atención a cantidade de paxaros citados:

[...]”oindo as cantigas ledas
do *merlo* e do *verderol* “

[...] “e todos os *paxariños*
revoan redor de min;
o *paspallás* faime burla,
o *pardal* pídeme un chavo,
o *carrizo* move o rabo
e baila nun pé o *pimpín*.”

[...] “e entre as rosas unha *pomba* “ [...]

“Ofrenda das fadas no Portal de Belén”

Isto motivou unha busca sistemática da avifauna citada por Cabanillas. Diante da limitación de tempo, ademais de nas obras citadas, centramos a pescuda en : **Ramón Cabanillas. Obras Completas I**. Edición de X. Alonso Montero. Ed. Akal. Madrid,1979. Que contén:

- “No Desterro” (1913,1ª edición)
- “No Desterro”(1926,2ª edición)
- “Vento Mareiro”(1915,1ª edición)
- “Vento Mareiro”(1921, 2ª edición)
- “Da Terra asoballada”(1917,1ª edición)
- “Da Terra asoballada”(1926,2ª edición)
- “O Bendito San Amaro”(1925)
- “Na noite estrelecida” (1926)
- “A rosa de cen follas” (1927)

A metodoloxía que se empregou foi establecer unha norma para anotar as citas, distribuír as obras por equipos, localizar e anotar as referencias á avifauna, identificar as aves utilizando guías das aves de Galicia e por último posta en común e síntese do traballo. Posteriormente buscáronse fotos e debuxos para ilustrar o traballo.

Como exemplo xuntamos un anaco do traballo:

	NO DESTERRO	VENTO MAREIRO	DA TERRA ASOBALLADA	NA NOITE ESTRELECIDA	A ROSA DE CEN FOLLAS	A MAN DE SANTIÑA	A OFRENDA DAS FADAS NO PORTAL DE BELÉN	TOTAL
Paxaros/s	14	8			2		1	25
O paspalás	1	1					1	3
O cuco	2							2
A pomba/s	6	6	4	4			1	21
O cisne	1			3				4
A anduriña/s	4	1	1		1			7
O merlo/s	4	1			2		1	8
O lagarteiro	1							1
A gaivota/s	1	1						2
O pardal/es	5	2					1	8
A laberca	2	1	1					4
O miñado	1							1
O reiseñor	6	3		1	2			12
A rula	1	3	1		1	1		7
O corvo/s	3			1	1			5
As curuxas	2							2
Os estornións	1							1
O xilgaro/s		3		1				4
O pimpín		1					1	2
O verderol		1					1	2
O carrizo/iño		1					1	2
O corvo mariño			1					1
O cotovío							1	1
A águia/s	2			1				2
A águia real				1				1
A águia imperante				1				1
A galiña/s		1						1
O galo/s	2	5						7
O pito/s	1	3						4
Churras/iñas		3						3

Constátase que Cabanillas cita ás aves para facer referencia, unhas veces á natureza:

[...] unha follosa enramada
na que niñaron os merlos [...] (43)
A cadea (NO DESTERRO)

[...] de arumes de roseiras, de chíos de paxaros [...] (57)
A Rosalía de Castro (VENTO MAREIRO, 2ª ed)

Outras veces aparecen adxetivadas e personificadas ou con significado figurado en forma de comparación, identificación, metáforas e símiles:

[...] O reiseñor xentil ¡Ah, tenvos tanto
que contarlle á roseira o paxariño! [...] (58)
Preludio (18)

[...] Tenra pomba esmorecida [...] (123)
A Risa (NO DESTERRO)

[...] (Media ducia de galos que revolven
o emporcado chan do galiñeiro
e arredor deles, pitos aparvados
os lacaios e os xenros). [...] (123)
O Mentideiro (55) (NO DESTERRO, 2ª Ed)

[...] Reza un merlo no souto
frorido de cereixos [...] (32)
A princesa roiba (6) (NO DESTERRO)

[...] e rodan as badaladas
sin rumbo, a ir e vir, voando
como pombas asombradas [...] 338
A Calzada de Cambados (20) (DA TERRA ASOBALLADA)

[...] o bó cariño é unha pomba
que sempre volve ó pombal [...] (201)
O cantar do que se alexa (16) (VENTO MAREIRO)

[...] ¡mentre la rula milagreira escoita
sinto unha doce man que me acariña!
A Rosalía de Castro (2) (DA TERRA ASOBALLADA)

[...] as curuxas do amor
chisconeian na sombra das esquinas [...] (137)
Serán de domingo (53) (NO DESTERRO, 2ª Ed)

[...] vai entre as pitas do seu comando
o galo negro. [...] (275)
O Galo negro (37) (VENTO MAREIRO)



[...] Balboa rei vixilaba,
con ollos de **lagarteiro**, [...] (NO DESTERRO, 1913)



[...] un fato de **pardales** borrallentos,
de rabo en circos de bochado papo[...] (NO DESTERRO, 1926)



[...] Cada viliña, cada parroquia,
ten o seu **galo** ¡seu **galo negro**!
(VENTO MAREIRO)

IES M.A.GONZÁLEZ ESTÉVEZ-CARRIL-VILAGARCÍA

O costumismo en Cabanillas

X. RAMÓN BREA REI, PILAR CONDE COIRA, TERESA ESCARIZ QUINTÁS

Unha definición do costumismo podería ser aquela que o identifica coa descrición literaria ou plástica de ambientes e personaxes, dunha maneira tipificada. Na literatura, este movemento xurdiu no s. XIX a partir do romanticismo. Caracterízase pola descrición directa dos costumes, mentres a acción se reduce ou mesmo desaparece. O costumismo non abordou ningunha crítica social e amosou o pobo e os seus costumes dun xeito pintoresco e folclórico sen operar nos estratos profundos do folclore, feito que contribúe á creación dunha temática variada e superficial.

Considerado un xénero menor, acadou un amplo cultivo na época romántica. Nace vencellado aos xornais e coma reacción contra o irrealismo, polo que amplía o seu público nun desexo de reflectir a sociedade contemporánea.

Na literatura española atopamos xa exemplos en Cervantes e, mesmo antes, no Arcipreste de Talavera; pero o costumismo romántico nútrese das raíces da tradición nacional, provocado por unha serie de circunstancias que lle outorgan popularidade e o definen coma xénero peculiar do romanticismo. Non esquezamos que ao romanticismo lle interesa o privativo da propia cultura. O aspecto máis positivo foi considerar a vida diaria coma materia artística e preparar o terreo para a literatura realista.

Porén, o costumismo, a diferenza do realismo non realiza unha análise deses usos e costumes que relata. É un simple retrato sen opinión deses costumes, motivo polo que a miúdo se fala de *cadros costumistas* para referirse a calquera destas manifestacións, non só ás pictóricas.

O COSTUMISMO EN GALICIA

O romanticismo provocou o florecemento da poesía galega contemporánea, coma en Provenza ou en Cataluña. Posto que o noso é un romanticismo serodio, só podemos falar de Rosalía coma unha poeta romántica, dentro xa da etapa realista. Mais, entre nós, non chegou a haber realismo, senón o costumismo que magnificou o mundo rural como esencia das nosas raíces.

Atopamos costumismo nalgúns poemas de *Cantares gallegos* ou na obra de Lamas Carvajal, naquel intre histórico no que renace a nosa lingua e se inicia a progresiva concienciación. Adoptan ao pobo galego como referencia e inspiración, e á paisaxe como circunstancia externa da vida, mais cada quen decanta esa percepción de xeitos moi diferentes. Lamas vai presentar un costumismo aldeán e unha humilde crítica do mundo rural. O mesmo fará O primeiro Lugués na súa peza dramática, *A costureira da aldea*, Prado "Lameiro" co seu teatro na emigración ou o propio Cabanillas, nun bo feixe de poemas dos seus libros máis emblemáticos.

O COSTUMISMO EN RAMÓN CABANILLAS

Para Cabanillas, a temática costumista supón unha indagación nas raíces da nosa cultura. Engádelle certas novidades formais en conexión co modernismo, e mesmo trazos de tenrura e humor. Non se trata da vertente costumista do s.XIX, limitada a reproducir tipos e costumes.

O costumismo sérvelle ó poeta para loar o mundo rural aldeán e traballador, fronte á vila burocrática e caciquil. A súa implicación na loita agrarista estaría baseada nesta concepción de aldea versus vila.

De *No desterro*, di Carballo Calero: "A poesía costumista, tan amada dos precursores, aparece tamén en *No desterro*, estreitamente avincallada coa descrición da paisaxe. Os sonetos titulados, precisamente, "Paisaxes" non rexistran fundamentalmente valores pictóricos(...) Son máis ben cadros de xénero(...) Murguía(...) louva as escenas de pesca na Ría de Arousa, descritas no poema "A trainera"; pero a inicial e suxestiva visión costumista deriva logo cara unha manifestación lírica subxectiva, moi cangada de referencias literarias, que restan coherencia ao espírito do poema."

A liña costumista continuará no seu segundo libro, *Vento mareiro*, e tamén en *Da terra asoballada*.

CLASIFICACIÓN TEMÁTICA DO COSTUMISMO DE CABANILLAS

Para demostrar a importancia que o costumismo ten na obra poética de Ramón Cabanillas, partimos dunha lectura polo miúdo dos seus versos e comprobamos a afirmación feita no apartado anterior, onde se ve o xogo de contrastes que xustifica a nosa concepción do traballo.

As citas dos versos costumistas do autor de Cambados agrupámolas en catro eixes:

- Mar / Agro
- Vila / Aldea
- Igrexa / Superstición
- Día / Noite

O MAR

Para Cabanillas, o mar vai asociado ao traballo dos homes e mulleres da Ría: a pesca, escabechado da sardiña, o marisqueo, os temporais e os naufraxios, as embarcacións tradicionais... acaban converténdose en materia poética. Mar e agro son dúas realidades do mundo rural, complementarias, que poñen en contacto o home co medio natural.

Ferve o mar. Brúa o vento...

¡Probe da dorna!

(Mariñeira, Vento mareiro)

Sol de vran. O mar de Arousa,
de praia a praia tendido,
canso de loitar, repousa.

(A calzada de Cambados, Da terra asoballada)

Ó abrigo do peirao

cangada de sardiña

que brila na cadeira

e bule na traíña

arrólase mimosa

das olas ó vaivén

(A trainera, No desterro)

Gaivotas brancas, como vellas tolas,
arredor da pulida regateira
que escabecha sardiñas na ribeira

(Na ribeira, No desterro)

Xeme o vento mareiro unha elexía
antre os pinos que fungan mormullando

(No pinal, No desterro)

¡Pinal de Tragove!

¡Zoador, barulleiro pinal

enraizado nas laxes fendidas

da beira do mar!

(Á sombra do pinal, Vento mareiro)



O AGRO

Estampas costumistas que describen os labores agrícolas da Galicia campesiña. A presenza da vendima e as viñas sitúanos na súa xeografía do Salnés. Completan esta visión os muíños a troulear, a terra labrada, o outono melancólico, os recendos...

Na leira seca e polvorenta, arando,
o destripa terróns fálalle ó gando:

"¡Ei, marelo! ¡Ei, vermello! ¡Bois ou demos!"

(Á luzada do día, No desterro)

Sol de outono no mar calmo fungue o lume;
alá, lonxe, chirra un carro no camiño;
canta a ágoa no rodicio do muíño
e arrecende dos fiunchos o cheirume.

(Tarde baixa, No desterro)

A xente labrega,

que á paz dos casares retorna da veiga,

(As ánimas tocan, No desterro)

¡Carriño forte e xeitoso.

meu carriño,

arrolador e mimoso

como o berce dun meniño!

(¡Meu carriño!, Da terra asoballada)

¡O espadeiro! ¡Asios mouros, cepas tortas
follas verdes, douradas e vermellas,

**(Diante dunha cunca de viño espadeiro,
Da terra asoballada)**

No carro vén a tinalla, cheíña a non poder máis;
detrás, as vendimadoras, a rir, collidas das mans.

**(Vendima en Salnés, Poesías
ventureiras)**

Vai alodado o río.

Leva arrastro

as táboas dun portelo apodrecido

(A traxedia das follas, Vento mareiro)

¡Meu carriño cantareiro!

¡O de xugo e cabezalla

coa puntiña da navalla

pulidos da miña man!

(Meu carriño, Da terra asoballada)



A VILA

Cambados convértese no paradigma da vila: unha vila señorial e mariñeira cos seus espazos ben diferenciados. Polos seus versos pasan os mariñeiros que buscan refuxio nas tabernas da ribeira; a burguesía local a xogar no casino; as rúas molladas e solitarias...

¡Vila morta, vila morta,
aldeana e mariñeira,
na que me criei! ¡Que encanto
ten o pasado que encerras!

(O sábado na escola, Vento mareiro)

Os mozos mariñeiros da fiada
lémbrense rindo alleos de coidados;
(Na taberna, No desterro)

Uns señores que xogan ó tresillo
no salón, por si foi posta ou codillo,
levantan un barullo que pon medo;
(No Casino, No desterro)

Nas lousas de pedra,
ó longo da rúa,
escura e deserta
estoupan as pingas
que deitan as tellas.

(Chove... , No desterro)

Ó través dos ferrollos das portas
o vento salaia o dor dunha queixa
(Chove..., No desterro)



A ALDEA

Visión idealizada da aldea (*beatus ille* horaciano) coma un mundo feliz arredor da lareira, o forno do pan, as hortas, paleiros e sempre a presenza humana que enche de vida o espazo labrego.

¡Ou meu sono labrego! Unha casíña
preto do río, ó abrigo dos pinales,
con piorno e alboios nos currales
e paleiros na eira e na curtiña.

(Sono dourado, Vento mareiro)

Gloria e lecer da casa, unha lareira
en que arderan enteiros os carballos,
arrodada de afumados tallos,
con forno cheo e forte gramalleira.


(Sono dourado, Vento mareiro)

Nun esquinal, enriba
da lousa da lareira,
amostra o forno a boca
coadrada e ferruxenta.

(Na casa vella, Vento mareiro)

Agoíña milagreira
nas pedras saloucante, nos regos rexoubeira,
(Agoíña milagreira, Vento mareiro)

sempre detén meus ollos un carballo
ergueito nun mallón, sobre o camiño.
(O carballo, Da terra asoballada)



A IGREXA Presentada coma un elemento máis da vida cotiá, sen a solemnidade relixiosa, lugar de encontro e conversas no adro, as campás que rexen o ritmo diario, as ermidas cos santos aldeáns presidindo a relixiosidade popular.	A SUPERSTICIÓN Nesa relixiosidade popular que presenta Cabanillas ten cabida o mundo do alén coa presenza da Santa compaña, a noite de luar preñada de pantasma, o trasno a rir ás gargalladas. Todo iso conforma un panteísmo que se encarna nos cruceiros, ponte entre a superstición e o cristianismo.
Campana choca! ¡Campana vella do campanario da miña aldea! (A campana choca, No desterro.) Ir á misa nas festas e á saída na paz do adro conversar cos vellos deses ditos, costumes e consellos con que a vida do campo está tecida. (Sono dourado, Vento mareiro) O bendito San Amaro ten unha ermida en Salnés nun castro soave, redondo como un peito de muller. (O bendito San Amaro) 	Finxe o murcho brancor da lúa chea, nun craro do folloso castiñeiro, tremorosos pantasma. No cruceiro, da "Compañía" a luz roxa cintilea. (Alta noite, No desterro) e anda a Santa Compañía vagoeira coas campaiñas e os facheiros roxos (O alciprés, Poesías ventureiras) anda o trasno gargallando nos pinares. Van e veñen luces roxas polo monte. (Tarde baixa, No desterro) 

O DÍA O costumismo aparece na descrición do día co sol coma motivo central. Desta luminosidade participan os rechouchíos dos paxaros, a brétema que foxe para que o sol poida bicar os salgueiros.	A NOITE Antítese negativa do día. A noite vista coma un espazo inhóspito, asociada ó inverno, as sombras medoñentas que escorrenta o lume da lareira.
O sol do mediodía labarea as paredes das casas. Dorme o vento. (O can da rabia, Vento mareiro) O enxame de paxaros rechouchía antre a follaxe espesa da silveira, e, rachada en xiróns na carballeira, fuxe a leitosa brétema. Xa é día. (Á luzada do día, No desterro) Bicado polo sol é craro espello o remanso cinguido de salgueiros. (Vento mareiro) 	Poñen os raios da lúa rachóns de groria no ceo, vidros de espello no río, velos de prata no chan, (Noite de lúa, Vento mareiro) A noite vai rubindo cabaleira na sombra (Mariñeira, Vento mareiro) A noite era de inverno. O lume da lareira puña roibos refrexos na louza da espeteira. (A man segreda, Vento mareiro) 

A XEITO DE EPÍLOGO

Esta aproximación ó mundo costumista de Cabanillas foi feita adrede, para reivindicar o valor estético e literario duns versos cheos de autenticidade que rezuman a alma e a vida popular. O autor cambadés partindo da realidade cotiá, transfórmaa en materia poética e déixanos unha poesía que trascende a simple descrición, conseguindo valores literarios que a crítica especializada nunca soubo ver, levada polos prexuízos que consideraban este movemento decimonónico, sinónimo de pailán e ruralista.

Sirva este pequeno traballo coma reivindicación do Cabanillas que permanecía durmido desde a noite dos tempos.

PUBLICACIÓNS DE CANDEA OU COLABORACIÓNS:

- AA. VV.: "*Por Cambados con Cabanillas*". Cambados, stemebro de 2000.
- AA. VV.: "*Ramón Cabanillas Enríquez. Homenaxe dos centros de ensino do Salnés*". Cambados, maio de 2009.
- Baamonde, Eduardo: "*Polo Salnés con Ramón Cabanillas*". Cambados, febreiro de 2009.
- Iglesias Baldonado, Maribel: "*Ramón Cabanillas Enríquez. Biografía en Imaxes*". Cambados, xaneiro de 2009.
- 2009, ANO CABANILLAS: "*Calendario, vida e obra de Ramón Cabanillas*". Cambados, xaneiro de 2009.
- Cabanillas, Ramón, con ilustracións de Eduardo Baamonde, Manolo Busto, Mon Daporta, Saúl Otero, Xulio Gayoso, Fernando Arenaz e Adela Leiro: "*Ofrenda das Fadas no Portal de Belén*", Cambados, Nadal, 2008/09.

BIBLIOGRAFÍA XERAL

- CABANILLAS, R.: *Obra Completa*. Ediciones Galicia. Centro Gallego de Buenos Aires. Instituto Arxentino de Cultura Galega. Edición a cargo de Francisco Fernández del Riego, Buenos Aires, 1978. 2ª edición da Obra Completa de 1959.
- CABANILLAS, R.: *Obra Dramática*, Ed. Xerais, Col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 41, Vigo, 1996. Edición de Bernárdez, Carlos L. e Vieites, Manuel F.
- CABANILLAS, R.: *Da Terra Asoballada*, Akal Editor, Col. Arealonga, Madrid, 1976. Edición de Xesús Alonso Montero.
- CABANILLAS, R.: *Da Terra Asoballada*, Ed. Xerais, Vigo, 1994. Edición de X. Ramón Pena.
- CABANILLAS, R.: *Vento Mareiro*, Ed. Xerais, Vigo, 1995. Edición de Ramiro Fonte.
- CABANILLAS, R.: *A Rosa das Cen Follas*, Ed. Xerais, Vigo, 1993. Edición de Xosé María Dobarro.
- CABANILLAS, R.: *Antoloxía Poética*, Ed. Galaxia, Col. Biblioteca Básica da Cultura Galega, Vigo, 1983. Edición de Marino Dónega.
- CABANILLAS, R.: *Escolma Poética*, Edición Pen Clube de Galicia, Santiago, 2002. Edición de Xesús Rábade Paredes.
- CARBALLO CALERO, R.: "Cartas de Cabanillas" en VVAA.: *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, Santiago, 1977, pp.7-16.
- CARBALLO CALERO, R.: *Historia da Literatura Galega Contemporánea (1808-1936)*, Ed. Galaxia, Vigo, 1981, 3ª Edición.
- FERNÁNDEZ REI, F. "O mar na obra literaria de Ramón Cabanillas", na Revista de estudos sociolingüísticos *Pontenorga*, nº 2, 2000, paxs. 79-104
- FERNÁNDEZ REI, F. "Cabanillas e a arela dunha lingua nacional" en VVAA.: *Actas das Xornadas sobre Ramón Cabanillas os días 7 e 8 de xuño do 2001*, Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago, 2001. Paxs. 19-48.
- FERNÁNDEZ REI, F.: *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o Mar de Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria*. A Coruña: Real Academia Galega. 1999. Discurso de ingreso na RAG. Accesible en: www.realacademiagalega.org/catalog/publications/files/Fernandez%20Rei.pdf
- FERNÁNDEZ REI, F. "Ramón Cabanillas. Unha xenerosa entrega á construción da nación e da patria da lingua galega". Revista A Trabe de ouro, nº 74, abril-maio-xuño de 2008, pp 265-270.
- ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: *Sobre o Mariscal, de Cabanillas e Villar Ponte*, Universidade da Coruña, 2005.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L.: "A figura literaria de Ramón Cabanillas", na Revista de estudos sociolingüísticos *Pontenorga*, nº 2, 2000, paxs. 107-120.
- OTERO PEDRAYO, R. "Evocación de Ramón Cabanillas", Revista Grial, Vigo, nº 54, out-nov-dec. De 1976, pp. 405-416.
- REI NÚÑEZ, L., "Cabanillas en Cambados; a forxa dun poeta" en *Pontenorga*, Revista de estudos sociolingüísticos, nº 2, 2000, paxs. 35-52
- REI NÚÑEZ, L. "Ramón Cabanillas: A disidencia republicana (I)". Revista *A Trabe de Ouro*, xulio,agosto,set. do 2006. Editada por Sotelo Blanco.
- REI NÚÑEZ, L. "Ramón Cabanillas: A disidencia republicana (e II)". Revista *A Trabe de Ouro*, out-nov-dec 2006, ed. Sotelo Blanco.
- REI NÚÑEZ, L. "Ramón Cabanillas. Crónica de desterrados e saudades". Ed. Galaxia. Vigo, 2009.
- REI NÚÑEZ, L. E CAMBA, X. "El Umia. El Cometa. Ramón Cabanillas, xornalista cambadés". Concello de Cambados, 2001, edición facsímil.
- VVAA.: "*Vento Mareiro, celebración da publicación dun libro mítico*". Folleto editado pola Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia segundo idea da Asociación Cultural "Santa Compañía", 1998.
- VILA FARIÑA, X.L. e VIANA MARTÍNEZ, V.: "Diccionario biográfico de la comarca del Salnés". Servizo de publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, 2002.

CD-ROMS

- 1951, PELERINAXE LÍRICA ÓS LUGARES ROSALIANOS. Editado pola Fundación Caixa Galicia. Diario de Pontevedra e El Progreso, 2000.
- COROACIÓN POÉTICA DE RAMÓN CABANILLAS. Editado polo Consello da Cultura Galega (Arquivo Sonoro de Galicia).
- PÉREZ SÁNCHEZ, Y.: “*El balneario de Mondariz. La creación de un lugar (1873-1931)*”. Tese doutoral editada en cd-rom, presentada en abril de 2005 na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago.

FILMOGRAFÍA:

- A Fouce esquecida. Benxamín Fernández Rey, 1978.
- A man sagrada. Chourizo Films. 2009.
- Cabanillas e Cambados, AA.VV., 1992